

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE SETEMBRO DE 2021

Ás 10:10 horas do día 16 de setembro de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 13 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica (asiste aos puntos 10b e 11c)
 D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica (asiste a todos os puntos agás os 10b e 11c)
 D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
 D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
 D^a. Ruth María Santos Gallego, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 2, 4, 7, 8, 11b e 11d)
 D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 11a)
 D^a. María Jesús Magdalena Vila, directora de Ingresos (asiste ao punto 11e)
 D. Antonio Vivero Mijares, xefe da Área de Seguridade e Mobilidade (asiste aos puntos 5, 6 e 10b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Aragón, fase VI" (957-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 1 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. AVAN INTEGRAL, S.L.
 2. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)
 3. ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.
 4. ORECO, S.A.U.
 5. ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
 6. UTE ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES. S.L. (ACEVI) – MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Aragón, fase VI" (957-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos / entrega dos informes de valoración das mostras

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade o 10 de setembro de 2021 de valoración do sobre D "Mostras". A Mesa acepta, por unanimidade, o referido informe e acorda excluír a USIS GUIRAO, S.L. por non cumprir o prego de prescricións técnicas particulares "en canto ao estándar de protección balística e un dos estándares de protección contra ataques con obxectos punzo cortantes" (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2.B "Que non se axuste ao disposto no prego de prescricións técnicas, tanto a documentación do sobre B, como no seu caso, as mostras presentadas no sobre D").

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 2 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo unitario	Espesor mm	Peso gramos	O chaleco ten protección balística para munición calibre 12/70 con bala tipo Brenneke con proxectil 32 gramos de peso (si/non)	Documentación complementaria
1	GUARDIAN HOMELAND SECURITY, S.A.	673,97	6,95	2.035,00	si	

Non asiste público á apertura.

Presente na sesión, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, informa que a documentación complementaria achegada xunto coa oferta cumpre co esixido nos pregos.

En cumprimento do criterio previsto no apartado 7D do Anexo I -FEC- e na cláusula 18.1A do PCAP para determinar as ofertas con valores anormais, a Mesa acorda comproba que a oferta de GUARDIAN HOMELAND SECURITY S.A non contén valores anormais, polo que ao abeiro da cláusula 16.3 do PCAP outórgase a máxima puntuación ao ser o único licitador admitido:

	Licitador	Prezo unitario	Espesor mm	Peso gramos	O chaleco ten protección balística para munición calibre 12/70 con bala tipo Brenneke con proxectil 32 gramos de peso (si/non)	Total
1	GUARDIAN HOMELAND SECURITY S.A	50	15	30	5	100

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da praza Francisco Fernández del Riego" (894-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 3 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 13 de setembro de 2021, sobre as ofertas incursoas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. por canto a súa oferta está incursoa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (87.033-250)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 13 de setembro de 2021 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (87.033-250)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de recollida, transporte e entrega a xestor autorizado dos residuos procedentes de construcións e demolicións xerados polo Taller de Vías e Obras do Concello de Vigo (87.033-250) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.	100,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 4 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación
2	TOCA SALGADO, S.L.	57,93

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U. (B-36.179.299), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 16 de setembro de 2021, de USIS GUIRAO, S.L. por non cumprir o prego de prescricións técnicas particulares “en canto ao estándar de protección balística e un dos estándares de protección contra ataques con obxectos punzo cortantes” (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2.B “*Que non se axuste ao disposto no prego de prescricións técnicas, tanto a documentación do sobre B, como no seu caso, as mostras presentadas no sobre D*”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do subministro de chalecos antibala para a Policía local (71.430-212) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	GUARDIAN HOMELAND SECURITY, S.A.	100

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GUARDIAN HOMELAND SECURITY S.A. (A-84.650.720), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), agás a acreditación da solvencia económica e o certificado ISO 9001:2015 porque xa foron presentados con motivo da emenda do Sobre A. Aclárase que os certificados presentados para acreditar a solvencia técnica non se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 5 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- poden ter e conta porque ao non incluír o ano de execución da prestación non permiten acreditar a realización de subministros similares dentro dos tres últimos anos como esixe a citada cláusula 8.
- Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto simplificado do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia (4.145-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 6 de setembro de 2021 se notificou a MONDO IBÉRICA, S.A.U. o acordo de clasificación co requirimento de documentación, que foi presentada o 15 de setembro.

Logo da cualificación da referida documentación a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a MONDO IBÉRICA, S.A.U. para que poida emendar a solvencia técnica de acordo coas esixencias recollidas na cláusula 8.5.3º do PCAP (*“Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros ou traballos por importe igual ou superior ao 70% dunha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do prezo do contrato.*

Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador.

Para determinar se un subministro é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “Humanización e mellora de accesibilidade da rúa Talude” (941-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 6 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización e mellora de accesibilidade da rúa Talude" (941-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN E MELLORA DE ACCESIBILIDADE DA RÚA TALUDE", redactado polo Enxeñeiro industrial D. Daniel Prieto Renda.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con data 18 de xuño de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SETECENTOS TRECE MIL SETECENTOS SETE EUROS con NOVENTA E SETE CÉNTIMOS" (713.707,97 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 123.866,67 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1539 6190061 "V. Vertical, Esc. Mecánica Rúa Talude", segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	713.707,97 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 7 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "humanización e mellora de accesibilidade da rúa Talude" (941-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	AVAN INTEGRAL, S.L.	92,58

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL, S.L. (B-36.922.144), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AVAN INTEGRAL, S.L., o día 3 de setembro, que presenta a documentación requirida o 13 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar AVAN INTEGRAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 8 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por AVAN INTEGRAL, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 27 e 30 de agosto de 2021 e co acordo da Mesa de Contratación do 2 de setembro polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula ao ser o único admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a AVAN INTEGRAL, S.L. (B-36.922.144) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización e mellora de accesibilidade da rúa Talude" (941-441) por un prezo total de 573.178,88 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 99.477,33 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

c) Concurso para a contratación do arrendamento dun local destinado a oficina de turismo municipal (7.888-104)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o concurso para a contratación do arrendamento dun local destinado a oficina de turismo municipal (7.888-104)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 9 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Con data do 26 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- *Aprobar a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, do expediente Nº 7888-104*

2º.- *Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 11 de xuño de 2021, redactadas polo Servizo de Turismo.*

3º.- *Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 23 de xullo de 2021, redactado polo Servizo de Contratación.*

4º.- *Autorizar o gasto por importe total de 182.952 €, co IVE incluído (21%) de 31.752 € para un período de tres anos, que se financiarán de acordo co seguinte detalle, con cargo á aplicación orzamentaria 4320.2020000 "Arrendamento da Oficina de Turismo" e bolsa de vinculación.*

Año2021:20.328€
 Ano2022:60.984€
 Ano2023:60.984€
 Ano2024:40.656€

5º.- *Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".*

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"*Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste concurso para a contratación do arrendamento dun local destinado a oficina de turismo municipal (7.888-104) na seguinte orde descendente:*

	Licitador	Puntuación
1	D. JOSÉ LORENZO FORTES	86 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JOSÉ LORENZO FORTES (34.905.000-Q), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (cláusula 19 do PCAP):

1. *Documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren a cláusula 8.4.3º do PCAP e a letra a do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, con excepción dos certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, por canto estes serán solicitados de oficio polo Servizo de Contratación ás Administracións correspondentes.*
2. *Acreditación documental dos seguintes extremos:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 10 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- *O seguro do local, que permanecerá vixente mentres dure o arrendamento. A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido pola ou polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.*
- *Certificado da Comunidade de Propietarios, no seu caso, acreditativo de estar ao día no pagamento das cotas comunitarias”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JOSÉ LORENZO FORTES, o día 6 de setembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 13 e 16 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar D. JOSÉ LORENZO FORTES, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por D. JOSÉ LORENZO FORTES, de acordo cos informes técnico e de valoración da proposición avaliable mediante fórmula de data 1 de setembro de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 11 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a D. JOSÉ LORENZO FORTES (34.905.000-Q) o concurso para a contratación do arrendamento dun local destinado a oficina de turismo municipal (7.888-104) por un prezo total de 52.272,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.072,00 euros e coas seguintes condicións:

1. O prezo mensual é de 1.452 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 252 euros.
2. Metros de distancia entre o local ofertado e o almacén de material turístico sito na rúa López de Neira nº 27: 127,47 metros.
3. Metros cadrados de superficie útil do local ofertado: 129,13 m².
4. Metros lineais de fachada do local: 5,87 ml.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Valladolid" (880-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Valladolid" (880-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 12 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



tramitación ordinaria das obras do proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA VALLADOLID", redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos M.^a Trinidad López Rodríguez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral con data 14.05.2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON VINTE E CATRO CÉNTIMOS (378.250,24 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 65.646,74 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532 6190087 "Humaniz. Valladolid", segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	378.250,24 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que tivese presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Valladolid" (880-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	95,17
2	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES S.L.	92,53
3	MONTAJES J.M. IGLESIAS S.L.	89,86
4	NAROM S.L.	88,64
5	ORECO S.A.U.	86,18
6	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	85,46
7	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS S.L.	74,46

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 13 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), o día 6 de setembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 13 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 27 de xullo e 1 de setembro de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 14 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón da exclusión de XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que tivese presentado xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto, adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 6 de setembro de 2021.
2. Adxudicar a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886) o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Humanización da rúa Valladolid" (880-441) por un prezo total de 327.942,96 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 56.915,72 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

e) Procedemento aberto para a contratación do servizo de notificación de actos de xestión tributaria (2.768-500)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de notificación de actos de xestión tributaria (2.768-500)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de xullo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º Aprobar o expediente de contratación (2768-500) por procedemento aberto do SERVICIO DE NOTIFICACIÓN DE ACTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 15 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 25 de xuño de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 25 de xuño de 2021, que rexerán a contratación do SERVIZO DE NOTIFICACIÓN DE ACTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

3º.- Autorizar o gasto de 89.612,60€ (que inclúe un IVE de 15.552,60€) para a contratación do SERVIZO DE NOTIFICACIÓN DE ACTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA, con cargo á aplicación orzamentaria 9320.2220100, segundo o seguinte detalle:

EXERCICIO	BASE	IVE	TOTAL
2021	26.322,31 euros	5.527,69 euros	31.850,00 euros
2022	37.030,00 euros	7.776,30 euros	44.806,30 euros
2023	10.707,69 euros	2.248,61 euros	12.956,30 euros

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 2 de setembro de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de notificación de actos de xestión tributaria (2.768-500) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Redución do prezo unitario por notificación
1	CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L.	1,44€

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L. (B-95.604.021), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- (“inscrición no Rexistro Xeral de empresas prestadoras de servizos postais do Ministerio de Fomento como operador que presta servizos postais non incluídos no ámbito do servizo postal universal”).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar,





CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L., o día 3 de setembro de 2021, que presenta a documentación requirida o 13 e 15 de setembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 16 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula de data 30 de agosto de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CORREO INTELIGENTE POSTAL, S.L. (B-95.604.021) o procedemento aberto para a contratación do servizo de notificación de actos de xestión tributaria (2.768-500) por un prezo total de 89.612,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.552,60 euros e cun prezo unitario de 4,96 euros por notificación realizada de forma correcta e completa.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 17 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:50, logo dun receso entre as 11:15 e as 13:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 08:01	Páxina 18 de 18
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7A84B-55DH32-47C8DH-KCWUD4-ZE8MF5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		